


ΒΑΣΙΚΗ ΓΡΑΜΜΑΤΙΚΗ ΤΗΣ ΠΑΛΑΙΑΣ ἙΛΛΗΝΙΚΗΣ ΓΛΩΣΣΑΣ

(GRAMÁTICA BÁSICA DA LINGUA GREGA ANTIGA)



por Alfonso Blanco

1. ALFABETO E NOCIÓNS FONÉTICAS

1.1. ALFABETO

maiúsc.	A	B	Γ	Δ	E	Z	H	Θ	I	K	Λ	M
minúsc.	α	β	γ	δ	ε	ζ	η	θ	ι	κ	λ	μ
nome	alfa	beta	gamma	delta	épsilon	dseta	eta	zeta	iota	kappa	lambda	mi
/son/	/a/	/b/	/g/	/d/	/e/	/ds/	/e:/	/θ/	/i/	/k/	/l/	/m/
transcr.	A	B	G	D	E	DS	E	TH	I	K	L	M
maiúsc.	N	Ξ	O	Π	P	Σ	T	Υ	Φ	Χ	Ψ	Ω
minúsc.	ν	ξ	ο	π	ρ	σ, ς	τ	υ	φ	χ	ψ	ω
nome	ni	ksi	ómicron	pi	ro	sigma	tau	ípsilon	fi	hi	psi	omega
/son/	/n/	/ks/	/o/	/p/	/r/	/s/	/t/	/ü/	/f/	/x/	/ps/	/o:/
transcr.	N	KS	O	P	R	S	T	Y	PH	KH	PS	O

NOTA: Aínda que non se diferencian graficamente, **α**, **ι** e **υ** poden ser breves ou longas.

1.1.1. Combinacións e a súa pronuncia

Combinación	Pronuncia	Exemplo
γ + γ, κ, ξ, χ	o γ pronúnciase /n/ (e non /g/)	ἄγγελος (/ángelos/)
αυ, ευ, ηυ	o υ pronúnciase /u/ (e non /ü/)	εὐφονία (/eufonía/)
ου	pronúnciase /u/ (e non /ou/)	οὐρανός (/uranós/)

1.1.2. Signos

Acentos			Espíritos		iota suscrita	Puntuación			
´	`	˘	´	ˈ	ι	,	.	·	;
agudo	grave	circunflexo	suave (no se pronuncia)	áspero (pronúnciase /h/ e transcríbese H)	non se pronuncia	coma	punto	punto alto	punto e coma
lévanos todas as palabras: τύχη καὶ κεφαλῆς			lévanos todas as palabras que empezan por vocal, ρ e υ. Se a palabra empeza por ditongo, lévao no 2º elemento: ἀγαθός όράω αὐλός εὐρίσκω		É o ι dos ditongos de 1º elemento longo: ῶδή	=	=	=:	=?

NOTA: Existe tamén o apóstrofo (´), que se coloca entre dúas palabras para indicar a elisión (desaparición) da vocal final ou inicial dunha delas: ἄλλ' ἐγώ en lugar de ἄλλὰ ἐγώ.

1.1.3. Contraccións

Prodúcese con certas combinacións de vocais (sempre α , ϵ , o), normalmente como consecuencia dun encontro raíz-desinencia ou da desaparición dunha consonante:

combinación	$\alpha + \alpha$	$\alpha + \epsilon$	$\epsilon + \alpha$	$\epsilon + \epsilon$	$\epsilon + o$	$\epsilon + \omega$	$o + \alpha$	$o + o$
resultado	α	α	η	$\epsilon\iota$	ou	ω	ω	ou

1.1.4. Desaparición de consonantes e consecuencias

Danse en circunstancias semellantes ás descritas no apartado anterior:

1.1.4.1. Alongamento compensatorio: se desaparece a(s) consonante(s) que segue(n) a unha vocal breve, esta alóngase por compensación, conforme ás regras vistas no apartado anterior: $\epsilon\sigma\text{-}\mu\acute{\iota} > \epsilon\acute{\iota}\mu\acute{\iota}$

1.1.4.2. Consonantes que desaparecen e os seus contextos:

combinación	dental (δ, τ, θ) + σ, κ	v , $\sigma + \sigma$	v δ , v τ , v θ + σ	σ intervocálica
resultado	desaparece a dental	σ	desaparece o grupo consonántico, con alongamento da vocal anterior	desaparece, con contracción das vocais en contacto

NOTA: En posición final de palabra, o grego só presenta as consonantes **v**, **q**, **z**, ψ , ξ .

1.1.4.3. Consonantes dobres:

combinación	resultado
labial (β, π) + σ	ψ
gutural (γ, κ) + σ	ξ

2. MORFOLOGÍA

2.1. FLEXIÓN NOMINAL (SUSTANTIVOS E ADXECTIVOS) E DO ARTIGO

A flexión nominal grega (e a do artigo) presenta xénero, número e caso:

XÉNEROS	NÚMEROS	CASOS e FUNCIONES
masculino	singular	Nominativo (SUX/ATRB)
feminino	plural	Vocativo
neutro	dual (uso escaso)	Acusativo (CD/CC)
		Xenitivo (CN/CC)
		Dativo (CI/CC)

A flexión do artigo é a seguinte (non tén Vocativo):

	singular			plural		
NOM (SUX/ATRB)	ὁ	ἡ	τό	οἱ	αἱ	τά
AC (CD/CC)	τόν	τήν	τό	τούς	τάς	τά
XEN (CN/CC)	τοῦ	τῆς	τοῦ	τῶν	τῶν	τῶν
DAT (CI/CC)	τῷ	τῇ	τῷ	τοῖς	ταῖς	τοῖς

NOTA: O artigo é unha axuda perfecta para a análise sintáctica, porque anticipa o caso do sustantivo ou adxectivo ó que acompaña.

O enunciado dos sustantivos consiste na forma completa do Nominativo seguida da desinencia do Xenitivo de singular.

Os sustantivos agrúpanse en tres declinacións, cada unha cunhas desinencias características, dependendo de en que vocal, consonante ou semivocal termine a súa raíz ou tema. No enunciado diferéncianse mediante a segunda forma (Xenitivo de singular), como nestes exemplos:

DECLINACIÓN	exemplo
1ª	ἡμέρα, -ας κεφαλή, -ῆς
2ª	λόγος, -ου
3ª	νέκταρ, -ός

2.1.1. Primeira declinación:

Comprende os **temas en -α**. a maioría dos seus sustantivos son femininos, aínda que presenta uns poucos masculinos. De acordo co seu enunciado, hainos de 5 tipos:

	enunciado
femininos	ἡμέρα, -ας
	δόξα, -ης
	κεφαλή, -ῆς
masculinos	νεανίας, -ου
	πολίτης, -ου

Como se verá máis adiante, o Xenitivo de singular dos masculinos da 1ª declinación coincide co Xenitivo de singular dos sustantivos da 2ª declinación.

As desinencias desta declinación son as seguintes:

	singular		plural
NOM (SUX/ATRB)	-α / -η	-ας / -ης (só masc.)	-αι
AC (CD/CC)	-αν / -ην		-ας
XEN (CN/CC)	-ας / -ῆς	-ου (só masc.)	-ῶν
DAT (CI/CC)	-α / -η		-αις

NOTA: O Vocativo é sempre igual ó Nominativo, tanto en singular como en plural, coa excepción dos sustantivos masculinos: neles o Vocativo fórmase eliminando o -ς do Nominativo.

2.1.2. Segunda declinación:

Comprende os **temas en –o**. A maioría dos seus sustantivos son masculinos ou neutros, con algúns femininos. Os neutros teñen sempre estas características:

- distínguense sempre porque o seu **Nominativo de singular (e, polo tanto, a primeira forma do enunciado), remata en –ov**.
- **teñen o Nominativo, o Acusativo (e o Vocativo) idénticos, tanto en singular como en plural**.
- o seu **Nominativo, Acusativo (e Vocativo) de plural remata sempre en –α**.

NOTA: Os dous últimos rasgos rexen tamén para os neutros da 3ª declinación.

Éstas son as súas desinencias:

	masculinos e femininos		neutros	
	singular	plural	singular	plural
NOM (SUX/ATRB)	-ος	-οι	-οῦ	-α
AC (CD/CC)	-οῦ	-οὖς	-οῦ	-α
XEN (CN/CC)	-οῦ	-ῶν	-οῦ	-ῶν
DAT (CI/CC)	-ῷ	-οῖς	-ῷ	-οῖς

NOTA 1: O Vocativo é igual ó Nominativo, agás no singular dos masculinos-femininos, que téñ como desinencia –ε.

NOTA 2: Nalgúns sustantivos, as desinencias únense a raíces rematadas en –o ou en –ε. Esa unión provoca contraccións (*vid. supra*) que desfiguran algo as desinencias no NOM e AC singular. Convén coñecer o sustantivo, bastante frecuente, νοῦς, νοῦ (“mente”), que presenta NOM. νοῦς (vó-ος) e AC νοῦν (vó-ov).

2.1.3. Terceira declinación:

É a máis complicada debido á multitude de terminacións do tema: **en calquera consonante, en ditongo, ou en vocal distinta de –α ou –ο**. En xeral, estas son as súas desinencias:

	masculinos e femininos		neutros	
	singular	plural	singular	plural
NOM (SUX/ATRB)	-ς / tema alongado	-εις		-α
AC (CD/CC)	-α / -ν	-ας / ς		-α
XEN (CN/CC)	-ος	-ων	-ος	-ων
DAT (CI/CC)	-ι	-σι (ν)	-ι	-σι (ν)

NOTA 1: O VOC dos masculinos-femininos pode ser igual ó NOM (cando este remata en –ς) ou non amosar desinencia (cando o NOM é o tema alongado).

NOTA 2: A alternancia -α / -ν no AC de singular (e -ας / ς no de plural) depende do final do tema: se é en consonante, aparece a 1ª forma, e a 2ª se é en vocal.

NOTA 3: A desinencia do dativo pode levar un ν, chamado “efelcístico”, por cuestións de eufonía.

Debido á variedade no final do tema, as desinencias dos casos experimentan variacións que convén coñecer. O tema dun sustantivo pode recoñecerse en ocasións polo seu Xenitivo singular, presente no enunciado:

exemplo	tema
φλέψ, φλεβός	en labial
λαμπάς, -άδος	en dental
φύλαξ, -ακος	en velar
σῶμα, -ατος	en dental
ETC.	

Este é un resumo das interaccións entre os temas e as desinencias:

tema	exemplo		interacción	caso afectado	consecuencia	resultado no exemplo
labial	φλέψ, φλεβός		φλεβ-ς	NOM sing	aparición de cons. dobre	φλέψ
			φλεβ-σι	DAT pl		φλεψί
dental	λαμπάς, -άδος		λαμπαδ-ς	NOM sing	desaparición de dental	λαμπάς
			λαμπαδ-σι	DAT pl		λαμπάσι
velar	φύλαξ, -ακος		φυλακ-ς	NOM sing	aparición de cons. dobre	φύλαξ
			φυλακ-σι	DAT pl		φύλαξι
líquida	ῥήτωρ, -ορος		ῥήτορ-ς	NOM sing	caída de -ς e along. comp.	ῥήτωρ
nasal	λιμήν, -ένος		λιμεν-ς	NOM sing	caída de -ς e along. comp	λιμήν
			λιμεν-σι	DAT pl	caída de nasal	λιμέσι
grupo -ντ	ὀδοῦς, ὀδόντος		ὀδοντ-ς	NOM sing	caída de grupo e along. comp.	ὀδοῦς
			ὀδοντ-σι	DAT pl	caída de grupo e along. comp.	ὀδοῦσι
silbante	alternante -ος / -ες	γένος, -ους (neutro)	γενεσ-ος	XEN sing	caída de -ς e contracción	γένους
			γενεσ-ι	DAT sing	caída de -ς	γένει
			γενεσ-α	NOM-AC pl	caída de -ς e contracción	γένη
			γενεσ-ων	XEN pl	caída de -ς e contracción	γενῶν
	-ες	τρήρης, -ους	τρήρεσ-ς	NOM sing	caída de -ς e along. comp.	τρήρης
			τρήρεσ-α	AC sing	caída de -ς e contracción	τρήρη
			τρήρεσ-ος	XEN sing	caída de -ς e contracción	τρήρους
			τρήρεσ-ι	DAT sing	caída de -ς e contracción	τρήρει
			τρήρεσ-ες	NOM-AC pl	caída de -ς e contracción	τρήρεις
	-ας	κρέας, -ως (neutro)	κρεασ-ος	XEN sing	caída de -ς e contracción	κρέως
			κρεασ-ι	DAT sing	caída de -ς e along. comp.	κρέα
ι, υ alternantes	πόλις, -εως		πολε-ος	XEN sing	contracción	πόλεως
			πολε-ες	NOM-AC pl	contracción	πόλεις
	ἄστυ, -εως (neutro)		ἄστε-ος	XEN sing	contracción	ἄστεως
			ἄστε-α	NOM-AC pl	contracción	ἄστη
ditongos: -ευ	βασιλεύς, -έως		βασιλευ-ος	XEN sing	caída de υ e contracción	βασιλέως
			βασιλευ-ι	DAT sing	caída de υ e contracción	βασιλεῖ
			βασιλευ-ες	NOM-AC pl	caída de υ e contracción	βασιλεῖς
ditongos: -οι	πειθῶ, πειθοῦς		πειθοι	NOM sing	caída de ι e along. comp.	πειθῶ
			πειθοι-α	AC sing	caída de ι e contracción	πειθῶ
			πειθοι-ος	XEN sing	caída de ι e contracción	πειθοῦς

NOTA: Os temas en -ω poden presentar formas contractas no AC, XEN e DAT de singular, e no NOM-AC de plural: ἥρω, ἡρώως pode ter AC e XEN sing ἥρω, DAT sing ἥρω, e NOM-AC pl ἥρωες.

2.1.3.1. Sustantivos irregulares:

Convén coñecer algúns sustantivos irregulares desta declinación, pola súa frecuencia nos textos. A pista está sempre no enunciado: co tema do XEN sing (unha vez separada a desinencia -ος) constrúense todos os casos a partir do AC sing:

sustantivo	particularidade	casos especiais
Ζεύς, Διός	non tén plural	AC sing Δία ; XEN sing Διός ; DAT sing Δί
γυνή, γυναικός	tema en velar	VOC sing γύναι
κύων, κυνός	tema en nasal	
ναῦς, νεώς	tema alternante ναυ- / νηυ-	XEN sing νεώς ; DAT sing νηί ; NOM-AC pl νηες ; XEN pl νεῶν ; DAT pl ναυσί
χείρ, χειρός	tema alternante χειρ- / χερ-	DAT pl χερσί

2.1.4. Adxectivos:

clase	1ª			2ª		3ª		
xéneros	M	F	N	M-F	N	M	F	N
enunciado(s)	-ος	-α	-ον	-ων	-ον	-ας	-α	-αν
	-ος	-η	-ον					
	-ους	-α	-ουν					
	-ους	-η	-ουν					
	-ος		-ον	-ης	-ες	-υς	-εια	-υ
	-ους		-ουν					
	-ως		-ων					
declinación	2ª	1ª	2ª	3ª		3ª	1ª	3ª
exemplos	δίκαιος, -α, -ον ἀγαθός, -ή, ὄν ἀργυροῦς, -ᾶ, -οῦν χρυσοῦς, -ῆ, -οῦν ἔνδοξος, -ον εὖνους, -ουν ἰλεως, -εων			ευδαίμων, -ον ἀληθής, -ές		μέλας, μέλαινα, μέλαν γλυκύς, γλυκεῖα, γλυκύ		

2.1.4.1. Graos do adxectivo:

O adxectivo grego acepta tres graos de expresión, como en castelán e galego: positivo, comparativo e superlativo. Convén coñecer, polas súas diferencias respecto ós nosos idiomas, a formación do comparativo de superioridade e

do superlativo. Estes dous graos constrúense engadindo ó adxectivo en grao positivo dous tipos de sufixos:

	para os adx. da 1ª clase	para os adx. da 2ª e 3ª clase
GRAO	sufixos tipo -τ	sufixos tipo -ι
comparativo de superioridade	-τερος, -α, -ον	-ίων, -ιον
declinacións	convirten ó adxectivo nun da 1ª clase: 2ª – 1ª – 2ª	convirten ó adxectivo nun da 2ª clase: 3ª (as dúas terminacións)
superlativo	-τατος, -η, -ον	-ιστος, -η, -ον
declinacións	convirten ó adxectivo nun da 1ª clase: 2ª – 1ª – 2ª	convirten ó adxectivo nun da 1ª clase: 2ª – 1ª – 2ª

NOTA SINTÁCTICA 1: O segundo termo da comparación exprésase de dúas maneiras:

- en XEN sen preposición: **Σοφώτερος ἐστὶ τοῦ Σωκράτους**
- coa conxunción ἢ máis o mesmo caso que o primeiro termo:
Σοφώτερος ἐστὶ ἢ Σωκράτης

NOTA SINTÁCTICA 2: Cando o superlativo é relativo, o seu complemento exprésase en XEN: **Σωκράτης ἦν σοφώτατος τῶν Ἑλλήνων**

Algúns adxectivos forman o seu comparativo de superioridade e superlativo de maneira irregular. Os máis frecuentes son estes:

positivo		comparativo de sup.	superlativo
ἀγαθός, -ή, -όν	“bo, -a”	ἀμείνων, -ον	ἄριστος, -η, -ον
	“honrado, -a”	βελτίων, -ον	βέλτιστος, -η, -ον
	“valente”	κρείττων, -ον	κράτιστος, -η, -ον
κακός, ἡ, -όν	“malo, -a”	κακίων, -ον (reg.)	κάκιστος, -η, -ον (reg.)
	“insignificante”	χείρων, -ον	χείριστος, -η, -ον
	“débil”	ἥττων, -ον	ἥκιστα (adv)
μέγας, μεγάλη, μέγα	“grande”	μείζων, -ον	μέγιστος, -η, -ον
μικρός, -ά, -όν	“pequeno”	μικρότερος, -α, -ον (reg.)	μικρότατος, -η, -ον (reg.)
	“insignificante”	ἐλάττων, -ον	ἐλάχιστος, -η, -ον
ὀλίγος, -η, -ον	“pouco, -a”	μείων, -ον	ὀλίγιστος, -η, -ον
πολύς, πολλή, πολύ	“moito, -a”	πλείων, -ον	πλείστος, -η, -ον

2.2. O DUAL NA DECLINACIÓN

Estas son as desinencias do dual, distribuídas por declinacións:

	1º decl.	2º decl. & artigo	3ª decl.
NOM-VOC-AC	-α	-ω	-ε
XEN-DAT	-αιν	-οιν	-οιν

NOTA: O seu uso é moi escaso, e para identificalo é útil fixarse, se está presente, no artigo.

2.3. OS NUMERAIS

CARDINAIS - a maioría son invariables, agás:					
numeral	1	2	3	4	centenas a partir de 200, millares & decenas de millar
enunciado	εἷς, μία, ἓν	δύο, -ο	τρεῖς, τρία	τέτταρες, -α	-οι, -αι, -α
declinación	= adxectivo da 3ª clase: 3ª – 1ª – 3ª	desinencias do dual	= adxectivo da 2ª clase: 3ª		= adxectivo da 1ª clase: 2ª – 1ª – 2ª
ORDINAIS					
enunciado	-ος, -η/-α, -ον				
declinación	= adxectivo da 1ª clase: 2ª – 1ª – 2ª (só en plural)				

NOTA: As formas masculina e neutra do numeral 1 (εἷς e ἓν) son temas en nasal que seguen a 3ª declinación. Así, ademais do NOM, presentan as formas ἑνα (AC masc.), ἐνός (XEN) e ἐνί (DAT).

2.4. FLEXIÓN PRONOMINAL

Cada tipo de pronome téñ su propia declinación, aínda que en moitos casos se dan parecidos coa flexión nominal.

2.4.1. Pronomes persoais

	SINGULAR			PLURAL		
	1ª persoa	2ª persoa	3ª persoa	1ª persoa	2ª persoa	3ª persoa
NOM	ἐγώ	σύ		ἡμεῖς	ὕμεῖς	σφεῖς
AC	ἐμέ / με	σέ / σε	ἐ / ε	ἡμᾶς	ὕμᾶς	σφᾶς
XEN	ἐμοῦ / μου	σοῦ / σου	οὗ / ού	ἡμῶν	ὕμῶν	σφῶν
DAT	ἐμοί / μοι	σοί / σοι	οἱ / οί	ἡμῖν	ὕμῖν	σφίσι(ν)

NOTA: As formas de 3ª persoa son moi pouco usadas. Prefírense, para o NOM, os demostrativos οὗτος e ἐκεῖνος; para os demais casos, o identificativo αὐτός (vid. *infra*).

2.4.2. Identificativo, posesivo, recíproco

Todos eles caracterízanse porque a súa declinación é igual á dos adxectivos da 1ª clase: -ος, -η/-α, -ον/-ο (2ª - 1ª – 2ª)

tipo	enunciado					
identificativo	αὐτός, -ή, -ό					
posesivo	ἐμός, -ή, -όν	σός, -ή, -όν		ἡμέτερος, -α, -ον	ὕμέτερος, -α, -ον	
recíproco	ἀλλήλους, -ας, -α					

NOTA 1: Non existe posesivo de 3ª persoa. No seu lugar úsase o XEN do pronome identificativo: ὁ πατήρ αὐτοῦ

NOTA 2: O identificativo pode fusionarse co artigo nos casos XEN e DAT de singular, e tamén en NOM-AC de plural neutro, dando lugar a formas como **ταὐτοῦ** (= τοῦ αὐτοῦ) ou **ταὐτά** (= τὰ αὐτά).

NOTA 3: O pronome recíproco, por definición, non se pode usar en NOM

2.4.3. Persoais reflexivos

Resultan da combinación entre os pronomes persoais e os reflexivos. Tradúcense por “a min mesmo”, “a ti mesmo”, “a si mesmo”, etc. Ó ser reflexivos, exclúese o NOM, aínda que a súa declinación segue a ser igual á dos adxectivos da 1ª clase:

SINGULAR			PLURAL		
1ª persoa	2ª persoa	3ª persoa	1ª persoa	2ª persoa	3ª persoa
ἐμαυτόν, -ήν	σεαυτόν, -ήν	ἐαυτόν, ήν, -ό	ἡμᾶς αὐτούς, -άς	ὕμᾶς αὐτούς, -άς	σφᾶς αὐτούς, -άς

NOTA: Os pronomes de 2ª e 3ª persoas poden aparecer en forma contracta: **σαυτόν, -ήν** por **σεαυτόν, -ήν** e **αὐτόν, ήν, -ό** por **ἐαυτόν, ήν, -ό**. Neste último caso, convén fixarse ben no espírito áspero, para non confundilo co identificativo **αὐτός, -ή, -ό**, que tén espírito suave.

2.4.4. Demostrativos

Aínda que se estudian na flexión pronominal, en realidade son determinantes, igual que en galego e en castelán. De igual maneira, o grego tén tres demostrativos, que marcan, respectivamente, a distancia máis próxima (“este, -a, isto”), a intermedia (“ese, -a, iso”) e a máis afastada (“aquele, aquela, aquilo”). Son sensibles ós tres xéneros.

demostrativo	declinación
ὅδε, ἥδε, τόδε (“este, -a, isto”)	igual á do artigo, engadíndolle ó final a partícula enclítica -δε
οὗτος, αὕτη, τοῦτο (“ese, -a, iso”)	Agás no NOM de singular e plural masculino e feminino, toda a declinación presenta τ inicial. Por exemplo: AC sing: τοῦτον – ταῦτην – τοῦτο pero NOM PL: οὗτοι – αὗται – ταῦτα Convén fixarse ben nos femininos para non confundilos con formas do identificativo αὐτός, -ή, -ό . As do demostrativo levan espírito áspero, e suave as do identificativo; ademais, o demostrativo leva acento circunflexo na primeira sílaba, frente ó agudo da segunda sílaba que presenta o identificativo
ἐκεῖνος, -η, -ο (“aquele, aquela, aquilo”)	

2.4.5. Relativo

O principal é **ὅς, ἡ, ὃ** (“O cal/que, a cal/que, lo cal/que”). Esta é a súa declinación:

	SINGULAR			PLURAL		
	masc.	fem.	neutro	masc.	fem.	neutro
NOM	ὅς	ἡ	ὃ	οἱ	αἱ	ἃ
AC	ὅν	ἥν	ὃ	οὓς	ἄς	ἃ
XEN	οὗ	ἣς	οὗ	ᾧν		
DAT	ᾧ	ἣ	ᾧ	οἷς	αἷς	οἷς

Existen tamén outros dous pronomes relativos:

- **ὅσπερ, ἥπερ, ὅπερ**: igual ó anterior, pero engadindo ó final a partícula invariable **-περ**, que reforza o seu significado (“precisamente o que”)
- **ὅστις, ἥτις, ὃ τι**: composto do relativo e do pronome indefinido **τις, τι** (*vid. infra*). Declínanse cada un por separado e fúndense. O seu significado é “calquera que”.

2.4.6. Interrogativos e indefinidos

2.4.6.1. Interrogativos

tipo		enunciado	traducción	declinación
simple		τίς, τί	quen?, que? / cal?	= adxectivo 2ª clase (3ª dec.)
compostos	interr. directa	πότερος, -α, -ον	cal dos/das dous/dúas?	= adxectivo 1ª clase (2ª - 1ª - 2ª)
	interr. indirecta	όπότερος, -α, -ον		
	interr. directa	πόσος, -η, -ον	canto, a?	
	interr. indirecta	όπόσος, -η, -ον		
	interr. directa	ποιός, -α, -ον	cal?	
	interr. indirecta	όποιός, -α, -ον		
	interr. indirecta	όποῖος, -α, -ον		

NOTA 1: A forma neutra **τί** do interrogativo pode usarse como adverbio interrogativo, co significado de “por que?”: **τί λέγεις τοῦτο;**

NOTA 2: O interrogativo **τίς, τί** é un tema en nasal que segue a 3ª declinación, polo que, ademais das formas de NOM sing do enunciado, presenta estoutas: **τίνα** (AC sing masc-fem), **τίνος** (XEN sing), **τίνι** (DAT sing), **τίνες** (NOM pl masc-fem), **τίνα** (NOM-AC pl neutro), **τίνας** (AC pl masc-fem), **τίνων** (XEN pl), **τίσι** (DAT pl).

NOTA 3: Os interrogativos **πόσος, -η, -ον** e **ποιός, -α, -ον** poden presentarse nunha correlación con outros elementos, así:

- **τοιούτος, τοιαύτη, τοιούτο... οἷος, -α, -ον**: “tal... cal”
- **τοσοῦτος, τοσαύτη, τοσοῦτο... ὅσος, -η, -ον**: “tanto/a... canto/a”.

Nestas correlacións é frecuente que o primeiro elemento estea omitido.

2.4.6.2. Indefinidos

Como en castelán e galego, hai bastantes. Estes son os máis

usuais:

enunciado		traducción		declinación
τις, τι		“alguén/algún, -unha, algo”		= adxectivo 2ª clase (3ª dec.)
ἕκαστος, -η, -ον		“cada un, -a”		= adxectivo 1ª clase (2ª - 1ª - 2ª)
οὐδείς / μηδείς		“ningún, -unha”; “ninguén, nada”		=
ὁ μὲν... ὁ δέ		“o/a un, unha... o/a outro, -a”		= artigo
ἕτερος, -α, -ον	ἄλλος, -η, -ο	“o/a outro, -a”	“outro, -a”	= adxectivo 1ª clase (2ª - 1ª - 2ª)
πᾶς, πᾶσα, πᾶν		“todo, -a”		= adxectivo 2ª clase (3ª dec.)

NOTA 1: Para distinguir o indefinido do interrogativo simple, **hai que fixarse no acento: o interrogativo posúeo, e o indefinido non.**

NOTA 2: Para as formas da declinación do indefinido **τις, τι**, véxase a NOTA 2 do apartado dos interrogativos, referida a **τίς, τί**.

NOTA 3: As formas masculina e neutra do indefinido **πᾶς, πᾶσα, πᾶν** son un tema en **-ντ-**, que seguen a 3ª declinación. Polo tanto, ademais das formas do NOM sing do enunciado presenta estoutas: **πάντα** (AC sing masc), **παντός** (XEN sing), **παντί** (DAT sing), **πάντες** (NOM pl masc), **πάντας** (AC pl masc), **πάντα** (NOM-AC pl neutro), **πάντων** (XEN pl), **πᾶσι** (DAT pl).

2.5. FLEXIÓN VERBAL

O verbo grego, como o galego e o castelán, constrúese a partir dunha raíz á que se engaden morfemas que aportan certos significados: número, persoa, modo, tempo e voz, con estas posibilidades:

NÚMERO (3)	singular, plural & dual (escaso)
PERSOA (6)	3 en singular & 3 en plural
MODOS (4)	indicativo, subxuntivo, optativo, imperativo
TEMPO (6)	presente, futuro, pretérito perfecto (tempos primarios) pretérito imperfecto, aoristo, pretérito pluscuamperfecto (tempos secundarios)
VOZ (3)	activa, pasiva & media

Algunhas categorías non teñen paralelo en castelán e galego. Son as seguintes:

- número dual: xa o coñecemos da flexión nominal.
- modo optativo: a súa función principal é a de expresar desexo.
- tempo aoristo: corresponde, máis ou menos, ó noso pretérito perfecto simple.
- voz media: o seu significado é reflexivo (“eu lávome”, p. ex.)

Debe terse en conta que **non se dan todas as combinacións posibles**:

- O modo **imperativo** no tén 1ª persoa, nin en singular nin en plural.
- Os modos **subxuntivo** e **imperativo** só existen nos tempos **presente, aoristo e pretérito perfecto**.
- O tempo **pretérito imperfecto** só existe en modo **indicativo**.
- O tempo **futuro** só se dá nos modos **indicativo e optativo**.

- O tempo **pretérito pluscuamperfecto** só se atopa en modo **indicativo**.
- A **voz media** só **distínguese da pasiva no futuro e no aoristo**.

Os morfemas engádense á raíz ou tema verbal na seguinte orde:

raíz – morfema de tempo – morfema de modo- desinencias persoais

Ademais, algúns tempos empregan dous mecanismos: o **aumento** e a **reduplicación**:

- aumento: consiste en engadir como prefixo a vocal ε: ἔλϋον (verbo λύω).
- reduplicación: consiste en engadir como prefixo a consonante inicial da raíz verbal máis a vocal ε: λέλυκα (verbo λύω).

2.5.1. Tipos de verbo

Ó engadir os morfemas ás raíces verbais poden producirse fenómenos fonéticos que alteran a aparencia deses morfemas. Por iso convén coñecer os **tipos de verbo gregos, que se clasifican en función de cómo interaccionan os morfemas coa raíz**. A parte están, ademais, os verbos irregulares, que estudiaremos máis adiante.

verbos en –ω	non contractos	raíz verbal en -ι, -υ	Ex.: λύω
	contractos	raíz verbal en -α, -ε, -ο	Ex.: τιμᾶω
	consonánticos	raíz verbal en consonante	Ex.: ἄγω
verbos en -μι	reduplicación con ι no presente e o pret. imperfecto		Ex.: τίθημι
	sufixo –νυ- previo á terminación: -νυμι		Ex.: δείκνυμι
	sen reduplicación nin sufixo		Ex.: φημί

A diferenza básica entre os verbos en –ω e os verbos en –μι é que os **primeiros engaden unha vocal, chamada temática ou de unión, entre o morfema temporal e as desinencias persoais**. Esa vocal é -ο- diante das desinencias que empezan por μ- e ν-, e -ε- diante das demais.

Así, a orde de construción dos verbos en –ω é a seguinte:

raíz – morf. de tempo – vocal temática – morf. de modo- desinencias pers.

2.5.2. Morfemas

Os morfemas e desinencias do verbo grego aparecen nas seguintes táboas:

morfemas de MODO	INDICATIVO	SUBXUNTIVO	OPTATIVO	IMPERATIVO
	nada	alongamento da vocal temática	-ι-	nada

morfemas de TEMPO	PRESENTE	FUTURO	PRET. PERFECTO	
	nada	-σ-	reduplicación + -κα-	VOZ ACTIVA
		-θησ-	reduplicación	VOZ MEDIA
				VOZ PASIVA
	PRET. IMPERFECTO	AORISTO	PRET. PLUSCUAMP.	
	aumento	aumento + -σα-	aumento + reduplicación + -κ-	VOZ ACTIVA
		aumento + -θη-	aumento + reduplicación	VOZ MEDIA
				VOZ PASIVA

DESINENCIAS PERSOAIS		modo INDICATIVO				modo IMPERATIVO	
		voz activa		voz medio-pasiva		voz activa	voz medio-pasiva
		tempos 1ºs	tempos 2ºs	tempos 1ºs	tempos 2ºs		
	1ª sing	-ω	-μι	-ν	-μαι	-μην	
	2ª sing	-ς		-σαι	-σο	(-θι)	-σο
	3ª sing	nada	-τι (-σι)	nada	-ται	-το	-τω
	1ª pl	-μεν		-μεθα			
	2ª pl	-τε		-σθε		-τε	-σθε
	3ª pl	-ντι	-ασι	-ν (-σαν)	-νται	-ντο	-ντων

NOTA: O modo SUBXUNTIVO emprega sempre as desinencias dos tempos primarios, mentres o OPTATIVO usa sempre as dos secundarios.

2.5.2.1. Aprendizaxe das terminacións verbais

Como ya mencionamos, o encontro dos diversos morfemas coa raíz verbal (e o encontro dos propios morfemas entre si) provoca unha serie de alteracións derivadas do comportamento fonético do grego, que xa comprobamos na flexión nominal. Por exemplo, o -σ- intervocálico desaparece, en xeral, dando lugar a contraccións vocálicas; o mesmo podemos dicir do grupo -ντ-, que tamén cae, provocando alongamentos compensatorios. Por iso, é **conveniente aprender as terminacións verbais**; no caso dos verbos en -ω, estas consisten no **grupo formado pola vocal temática ou de unión, o morfema de modo** (cando está presente) e a **desinencia persoal**.

Deste xeito, as terminacións verbais para os verbos en -ω, en todos os tempos e modos, son as seguintes:

TEMPOS PRIMARIOS

tempo	PRESENTE		FUTURO			PRET. PERF. (redup).		modo
voz	act	med-pas.	act.	med.	pas.	act	med-pas.	
1ª sing	-ω	-ομαι	engadir -σ- antes das des. per.	engadir -σ- antes das des. per.	engadir -θησ- antes das des. per.	-κα	-μαι	INDICATIVO
2ª sing	-εις	-ει / -η				-κας	-σαι	
3ª sing	-ει	-εται				-κε	-ται	
1ª pl	-ομεν	-ομεθα				-καμεν	-μεθα	
2ª pl	-ετε	-σθε				-κατε	-σθε	
3ª pl	-ουσι	-ονται				-κασι	-νται	
1ª sing	-ω	-ωμαι				engadir -κ- antes das des. per.	part. pasivo + pres. subx. εἰμί	SUBXUNTIVO
2ª sing	-ης	-η						
3ª sing	-η	-ηται						
1ª pl	-ωμεν	-ωμεθα						
2ª pl	-ητε	-ησθε						
3ª pl	-ωσι	-ωνται						
1ª sing	-οιμι	-οιμην	engadir -σ- antes das des. per.	engadir -σ- antes das des. per.	engadir -θησ- antes das des. per.	engadir -κ- antes das des. per.	part. pasivo + pres. opt. εἰμί	OPTATIVO
2ª sing	-οις	-οιο						
3ª sing	-οι	-οιτο						
1ª pl	-οιμεν	-οιμεθα						
2ª pl	-οιτε	-οισθε						
3ª pl	-οιεν	-οιντο						
1ª sing						part. perf + pres. imp. εἰμί		IMPERATIVO
2ª sing	-ε	-ου					-σο	
3ª sing	-ετω	-εσθω					-σθω	
1ª pl								
2ª pl	-ετε	-εσθε					-σθε	
3ª pl	-οντων	-εσθων					-σθων	

NOTAS:

1. A única diferenza entre o Presente de Indicativo e o de Subxuntivo é a da cantidade das vocais temáticas: sempre breve en Indicativo, e sempre longa no Subxuntivo.
2. O Futuro, que só está presente no Indicativo e o Optativo, distínguese doadamente polo seu morfema, intercalado entre a raíz e as desinencias persoais: -σ- nas voces activa e media, e -θησ- na voz pasiva.
3. O Pretérito Perfecto identifícase con facilidade debido á reduplicación e ó morfema -κ- anterior ás desinencias persoais.
4. O modo Optativo distínguese nestes tempos verbais pola presenza do ditongo -οι- antes das desinencias persoais.

TEMPOS SECUNDARIOS

tempo	PRET. IMP. (aum.)		AORISTO (aum. – só en IND.)			PRET. PLUSC. (aum. + red.)		modo
voz	act	med-pas.	act.	med.	pas.	act	med-pas.	
1ª sing	-ον	-όμην	-σα	-σαμην	-θην	-κειν	-μην	INDICATIVO
2ª sing	-ες	-ου	-σας	-σω	-θης	-κεις	-σο	
3ª sing	-ε	-ετο	-σε	-σατο	-θη	-κει	-το	
1ª pl	-ομεν	-όμεθα	-σαμεν	-σαμεθα	-θημεν	-κειμεν	-μεθα	
2ª pl	-ετε	-εσθε	-σατε	-σασθε	-θητε	-κειτε	-σθε	
3ª pl	-ον	-οντο	-σαν	-σαντο	θησαν	-κεσαν	-ντο	
1ª sing			engadir -σ- antes das des. per. <u>sin aum.</u>	engadir -σ- antes das des. per. <u>sin aum.</u>	-θω			SUBXUNTIVO
2ª sing					-θης			
3ª sing					-θη			
1ª pl					-θωμεν			
2ª pl					-θητε			
3ª pl					-θωσι			
1ª sing			-σαιμι	-σαιμην	-θειην			OPTATIVO
2ª sing			-σειας	-σαιο	-θειης			
3ª sing			-σειε	-σαιτο	-θειη			
1ª pl			-σαιμεν	-σαιμεθα	-θειμεν			
2ª pl			-σαιτε	-σαισθε	-θειτε			
3ª pl			-σαιαν	-σαιντο	-θειεν			
1ª sing								IMPERATIVO
2ª sing			-σον	-σαι	-θητι			
3ª sing			-σατω	-σασθω	-θητω			
1ª pl								
2ª pl			-σατε	-σασθε	-θητε			
3ª pl			-σαντων	-σασθων	-θεντων			

NOTAS:

- O Pretérito Imperfecto, existente só no modo Indicativo, distínguese doadamente debido ó aumento (prefijo ε-).
- O Aoristo pódese identificar das seguintes formas:
 - en Indicativo: presenta, ademais do aumento (prefijo ε-), o conxunto -σα- en todas as persoas da voz activa (agás na 3ª persoa de singular: -σε) e media (agás na 2ª persoa de singular: -σω).
 - En Subxuntivo: na voz activa é igual ó Presente, coa intercalación de -σ- entre a raíz e as desinencias persoais. Na voz pasiva distíngueselle polo conxunto -θω/-θη-.
 - En Optativo: nas voces activa e media aparece o conxunto -σαι/-σει-. Na pasiva, faíno o grupo -θει-.
- Téñase en conta que o aumento no Aoristo só aparece no modo Indicativo.
- O Pretérito Pluscuamperfecto destácase claramente dos demais por presentar aumento e reduplicación. Ó igual que o Imperfecto, eses rasgos só aparecen no modo Indicativo.

2.5.2.2. Peculiaridades do aumento

Os verbos que empezan por vocal realizan o aumento alongando a súa vocal inicial, de acordo coas seguintes normas:

vocal (ou ditongo) inicial	alongamento	exemplo (no pret. imp.)
α-	η-	ἀγορεύω > ἡγόρευον
ε-	η-	ἐλπίζω > ἤλπιζον
ο-	ω-	ὀρίζω > ὤριζον
αι-	η-	αἶρω > ἤρουν
ει-	η-	εἰκάζω > ἤκαζον
οι-	ω-	οἰκίζω > ὤκιζον
αυ-	ηυ-	αὐξάνω > ἡύξανον
ευ-	ηυ-	εὐρίσκω > ἡύρισκον
ου-	mantense	οὐτάζω > οὐταζον

Os verbos compostos por prefixación introducen o aumento entre o prefixo e a raíz verbal: προσβάλλω > προσέβαλλον.

2.5.2.3. Peculiaridades da reduplicación










Algúns verbos non seguen a norma xeral para crear a súa reduplicación. Son os seguintes:

verbos	peculiaridade	exemplo (pret. perfecto)
verbos que empezan por aspirada	non se duplica a aspirada, senón a oclusiva xorda correspondente: φ > π θ > τ χ > κ	φονεύω > πεφόνευκα θύω > τέθυκα χορεύω > κέχορευκα
verbos que empezan por vocal, ϑ-, consonante dobre ou dúas consonantes (agás que sexan oclusiva + líquida)	realizan o aumento en lugar da reduplicación	ὀρίζω > ὠρικά ῥίπτω > ῥοριφα ψάύω > ῥψαυκα στρατεύω > ῥστράτευκα
verbos que empezan por oclusiva + líquida	duplicase só a oclusiva	κλείω > κέκλεικα
verbos que empezan por γν-	realizan o aumento en lugar da reduplicación	γνορίζω > ῥγνώρικα

Os verbos compostos por prefixación introducen a reduplicación entre o prefixo e a raíz verbal: καταλύω > καταλέλυκα.

2.5.2.4. Verbos contractos

Ó atoparse a raíz destes verbos (rematada en vocal **α-, -ε, -ο**), cos morfemas e desinencias, prodúcese caídas de consonantes e as conseguíntes contraccións e/ou alongamentos compensatorios. Desta maneira, as terminacións verbais que coñecemos experimentan **alteracións**, nestes casos, no **Presente e no Pretérito Imperfecto**. Así:

	verbos en -άω				verbos en -έω				verbos en -όω				modos
	PRES.		IMP.		PRES.		IMP.		PRES.		IMP.		
voz /pers.	act.	med-pas.	act.	med-pas.	act.	med-pas.	act.	med-pas.	act.	med-pas.	act.	med-pas.	
1ª sing	-ῶ	-ῶμαι	-ων	-ώμην	-ῶ	-οὔμαι	-ουν	-οὔμην	-ῶ	-οὔμαι	-ουν	-οὔμην	INDICATIVO
2ª sing	-ᾱς	-ᾱ	-ας	-ῶ	-εῖς	-εἶ	-εις	-οῦ	-οῖς	-οἶ	-ους	-οῦ	
3ª sing	-ᾱ	-ᾱται	-α	-ᾱτο	-εἶ	-εῖται	-ει	-εῖτο	-οἶ	-οὔται	-ου	-οὔτο	
1ª pl	-ῶμεν	-ώμεθα	-ῶμεν	-ώμεθα	-οὔμεν	-οὔμεθα	-οὔμεν	-οὔμεθα	-οὔμεν	ς	-οὔμεν	-οὔμεθα	
2ª pl	-ᾶτε	-ᾶσθε	-ᾶτε	-ᾶσθε	-εῖτε	-εῖσθε	-εῖτε	-εῖσθε	-οὔτε	-οὔσθε	-οὔτε	-οὔσθε	
3ª pl	-ῶσι	-ῶνται	-ῶσι	-ῶντο	-οὔσι	-οὔνται	-ουν	-οὔντο	-οὔσι	-οὔνται	-ουν	-οὔντο	
1ª sing	-ῶ	-ῶμαι			-ῶ	-ῶμαι			-ῶ	-ῶμαι			SUBXUNTIVO
2ª sing	-ᾱς	-ᾱ			-ῆς	-ῆ			-οῖς	-οἶ			
3ª sing	-ᾱ	-ᾱται			-ῆ	-ῆται			-οἶ	-ῶται			
1ª pl	-ῶμεν	-ώμεθα			-ῶμεν	-ώμεθα			-ῶμεν	-ώμεθα			
2ª pl	-ᾶτε	-ᾶσθε			-ῆτε	-ῆσθε			-ᾶτε	-ᾶσθε			
3ª pl	-ῶσι	-ῶνται			-ῶσι	-ῶνται			-ῶσι	-ῶνται			
1ª sing	-ῶην	-ῶμην			-οῖην	-οῖμην			-οῖην	-οῖμην			OPTATIVO
2ª sing	-ῶης	-ῶο			-οῖης	-οῖο			-οῖης	-οῖο			
3ª sing	-ῶη	-ῶτο			-οῖη	-οῖτο			-οῖη	-οῖτο			
1ª pl	-ῶμεν	-ώμεθα			-ῶμεν	-οῖμεθα			-οῖμεν	-οῖμεθα			
2ª pl	-ῶτε	-ῶσθε			-ῆτε	-οῖσθε			-οῖτε	-οῖσθε			
3ª pl	-ῶεν	-ῶντο			-οῖεν	-οῖντο			-οῖεν	-οῖντο			
1ª sing													IMPERATIVO
2ª sing	-α	-ῶ			-ει	-οῦ			-ου	-οῦ			
3ª sing	-άτω	-άσθω			-εἴτω	-εἰσθω			-οὔτω	-οὔσθω			
1ª pl													
2ª pl	-ᾶτε	ᾶσθε			-εῖτε	-εἰσθε			-οὔτε	-οὔσθε			
3ª pl	-ῶντων	-ᾶσθων			-οὔντων	-εἰσθων			-οὔντων	-οὔσθων			

NOTA: Como se pode ver, os fenómenos fonéticos que entran en xogo con estes verbos son múltiples e difíciles de asimilar. O máis recomendable é seguir estes consellos:

- **fixarse só nas desinencias persoais**, que convén saber de memoria (*vid. supra*, p. 12).
- **as contraccións e alongamentos máis difíciles son os que se producen nas 2ªs persoas de singular**. Polo tanto, haberá que estar especialmente atentos cando se estean traducindo textos nos que apareza algún tipo de diálogo.

2.5.2.5. Verbos consonánticos

Os verbos en -ω con raíz rematada en consonante presentan algunhas particularidades fonéticas ó encontrarse esa consonante cos morfemas de modo, tempo, e coas desinencias persoais. Estes sufixos empregan as consonantes -σ- (futuro, aoristo, 2ª persoa de singular e plural), -κ- (pretérito perfecto), -θ- (futuro e aoristo pasivos), -μ- (1ª persoa de singular e plural), -τ- (3ª persoa de singular), de forma similar ó que acontece na 3ª declinación da flexión nominal (*vid. supra*, páx. 5). Estes son os resultados máis importantes desas combinacións:

verbo	combinación	resultado	exemplo (só a 1ª p. sing.)
en labial -πω, -βω, -φω, -πτω	labial + -σ- do futuro e o aoristo activos e medios	-ψ-	τρίψω ἔρτιψα τρίψομαι ἔρτιψάμην
	labial + -κ- do perfecto	-φ-	τέρτιφα
en velar -κω, -γω, -χω, -ττω	velar + -σ- do futuro e o aoristo activos e medios	-ξ-	διόξω ἔδιωξα διώξομαι ἔδιόξαμην
	velar + -κ- do perfecto activo	-χ-	δεδίωχα
en líquida -λω, -ρω, -μω, -νω	caída de -σ- no futuro activo e medio	contracción: conxúgase como o presente dos verbos en -έω (<i>vid. supra</i> , páx. 18, columnas centrais)	κρινῶ κρινούμαι (de κρίνω)
	caída de -σ- no aoristo activo e medio	alongamento compensatorio α > η ε > ει	ἔφηνα (de φαίνω) ἔστειλα (de στέλλω)

2.5.2.6. Tempos segundos

Algúns verbos en labial, dental, velar e líquida teñen unas formas especiais no aoristo, perfecto e pluscuamperfecto, chamadas tempos segundos. En certos casos, son máis frecuentes que os formados da maneira regular que xa coñecemos. A súa característica común é que se constrúen **sen os morfemas típicos deses tempos**: o -σ- do aoristo activo e medio, o -θ- do aoristo pasivo, e o -κ- do perfecto e pluscuamperfecto. Recoñécense polas súas desinencias e, ás veces, polas alternancias vocálicas da raíz; isto último quere dicir que a raíz pode ter un centro vocálico diferente nestes tempos segundos, en comparación co do presente. Na seguinte táboa expónse isto:

tempo	formación		exemplos	
AORISTOS II ACTIVOS e MEDIOS	des. activas	des. medias	λείπω	ἔλιπον ἐλιπόμην
	-ον, -ες, -ε...	-ομην, -ου, -ετο...		
	NOTA: as mesmas do Pretérito Imperfecto			
AORISTOS II PASIVOS	desinencias: -ην, -ης, -η...		τρίβω	ἐτρίβην
	NOTA: as mesmas do Aoristo I sen a -θ-			
PRET. PERFECTOS II ACTIVOS	desinencias: -α, -ας, -ε...		πείθω	πέποιθα
	NOTA: as mesmas do Perfecto I sen a -κ-			
PRET. PLUSCUAMPERF. II ACTIVOS	desinencias: -η, -ης, -ει...		πράττω	ἐπέπραγα

NOTA: Os máis usuais son os aoristos II, que ademais adoitan vir recollidos no dicionario, indicando a qué verbo pertencen. No que se refire ós Pretéritos Perfecto e Pluscuamperfecto, a pista é sempre a reduplicación no primeiro, e o aumento máis a reduplicación no segundo.

2.5.2.7. Verbos depoñentes

Ó igual que o latín, o grego posúe verbos depoñentes. Neste caso, trátase de verbos con forma medio-pasiva e significado activo, como αἰσθάνομαι (“percibir”), βούλομαι (“querer”) o ἔρχομαι (“chegar”).

2.5.2.8. Verbos en -μι

Só se diferencian dos en -ω no Presente e Pretérito Imperfecto (nas 3 voces) e no Aoristo II activo e medio. Neles as desinencias únense directamente ó tema, sen vocal temática ou de unión, pero esas desinencias son especiais (*vid. supra*, páx. 12)

	1ª p. sing.	2ª p. sing.	3ª p. sing.	1ª p. pl.	2ª p. pl.	3ª p. pl.
tempos primarios	-μι	-ς	-τι	-μεν	-τε	-σι
tempos secundarios	-ν		nada			-σαν

Algúns dos verbos en -μι presentan reduplicación no Presente e no Pretérito Imperfecto, pero non nos demais tempos. Pola súa frecuencia, debemos coñecer:

- τίθημι (“poñer”): tema **θη-**
- ἵστημι (“colocar”): tema **στη-** (neste último, a reduplicación está enmascarada pola perda do **σ** inicial e a súa transformación en espírito áspero).

- δίδωμι ("dar"): tema δο-

2.5.2.8.1. O verbo εἶμι

Entre os verbos sen reduplicación destacan dous moi semellantes, que no debemos confundir:

- εἶμι ("ir"): tén algunhas formas comúns co seguinte.
- εἰμί ("ser", "estar", "existir"): pola súa irregularidade morfolóxica é conveniente coñecer a súa conxugación, polo menos nos tempos e modos máis frecuentes.

pers.	PRESENTE	FUTURO	PRET. IMPERF.	modos
1ª sing	εἶμι	ἔσομαι	ἦν / ἦ	INDICATIVO
2ª sing	εἶ	ἔσει / ἔση	ἦσθα	
3ª sing	ἐστί(ν)	ἐσται	ἦν	
1ª pl	ἐσμέν	ἐσόμεθα	ἦμεν	
2ª pl	ἐστέ	ἐσεσθε	ἦτε	
3ª pl	εἰσὶ(ν)	ἔσονται	ἦσαν	
1ª sing	᾿ω			SUBXUNTIVO
2ª sing	ἦς			
3ª sing	ἦ			
1ª pl	᾿ωμεν			
2ª pl	ἦτε			
3ª pl	᾿ωσι(ν)			
1ª sing	εἶην	ἔσοίμην		OPTATIVO
2ª sing	εἶης	ἔσοιο		
3ª sing	εἶη	ἔσοιτο		
1ª pl	εἶμεν	ἔσοίμεθα		
2ª pl	εἶτε	ἔσοισθε		
3ª pl	εἶεν	ἔσوينτο		
1ª sing				IMPERATIVO
2ª sing	ἴσθι			
3ª sing	ἔστω			
1ª pl				
2ª pl	ἔστε			
3ª pl	ἔστων			
INFINITIVO: εἶναι				

2.5.2.9. Verbos irregulares

Existen varios tipos de verbos irregulares en grego , pero os máis importantes son os seguintes:

tipos de verbo	características	exemplos			
POLIRRIZOS	teñen catro temas distintos (ou moi transformados) para Presente, Futuro, Aoristo e Perfecto	PRES.	FUT.	AOR.	PERF.
		λέγω	ἔρῶ	εἶπον	εἶρηκα
		ὁράω	ὄψομαι	εἶδον	έόρακα
		γίγνομαι	γενήσομαι	ἐγενόμην	γέγονα
		ἔχω	ἔξω	ἔσχον	ἔσχεκα
INCOATIVOS	o seu tema de Presente presenta o sufixo -σκ- / -ισκ- , que non se atopa nos demais	διδάσκω pero Aoristo ἐδίδαξα εὕρισκω pero Perfecto εὔρηκα γινώσκω pero Aoristo ἔγνων μιμνήσκομαι pero Aoristo ἐμνήσθην			
CON REFORZO NASAL	o seu tema de presente presenta unha nasalidade (-ν- , -νε- , -ιν- , -αν-), que se perde nos demais	ἐλαύνω pero Aoristo ἤλασα ἀφικνέομαι pero Aoristo ἀφικόμην βαίνω pero Aoristo II ἔβην λαμβάνω pero Aoristo ἔλαβον τυγχάνω pero Aoristo ἔτυχον			

NOTA: A maioría das formas irregulares dos verbos de uso máis frecuente recóllense no diccionario, que remite ós temas de Presente.

2.5.3. Formas nominais do verbo

O verbo grego téñ como formas nominais do verbo o infinitivo, o participio e os adxectivos verbais. Os dous primeiros son os máis usados, coa capacidade de expresar tempo e voz, para o que empregan os mesmos morfemas que as formas persoais:

INFINITIVOS (indeclinables)										
tempo	PRESENTE		FUTURO			AORISTO			PERFECTO (con redup.)	
voz	activa	med.-pas.	activa	media	pasiva	activa	media	pasiva	activa	med.-pas.
verbos en –ω	-εἶν	-εσθαι	-σ-εἶν	-σ-εσθαι	-θησ-εσθαι	-σ-αι	-σ-ασθαι	-θ-ηναί	-κ-εναι	-σθαι
verbos contractos (-αω, -εω, -οω)	-ᾶν -εῖν -οῦν	-ᾶσθαι -εῖσθαι -οῦσθαι								
verbos en –μι	-ναι	-σθαι								
PARTICIIPOS (declinables e con os tres xéneros no enunciado)										
tempo	PRESENTE		FUTURO			AORISTO			PERFECTO (con redup.)	
	-ων, -οῦσα, -ον	-μενος, -η, -ον	-σ-ων, -σ-οῦσα, -σ-ον	-σο-μενος, -η, -ον	-θησ-ο-μενος, -η, -ον	-σας, -σασα, -σαν	-σα-μενος, -η, -ον	-θείς, -θείσα, -θέν	-κώς, -κυῖα, -κός	-μενος, -η, -ον
declinación	3ª-1ª-3ª	2ª-1ª-2ª	3ª-1ª-3ª	2ª-1ª-2ª	2ª-1ª-2ª	3ª-1ª-3ª	2ª-1ª-2ª	3ª-1ª-3ª	3ª-1ª-3ª	2ª-1ª-2ª

Os adxectivos verbais (que se declinan), moito menos usuais, son estes:

adxectivo verbal	declinación	significado	exemplo
-τέος, -α, -ον	2ª - 1ª - 2ª	obligación	λυτέος “que debe ser desatado”
-τός, -η, -ον		posibilidade	λυτός “desatable”

NOTA: o máis habitual dos dos é o primeiroo.

2.5.4. O dual na conxugación

O número dual é moi pouco frecuente na conxugación. As súas terminacións son as seguintes:

tempos e modos	voz activa (& aoristo pasivo)		voz media & pasiva (agás o aoristo pasivo)	
tempos primarios do indicativo e todo o subxuntivo	2º pers.	-τον	2º pers.	-σθον
	3ª pers.	-τον	3ª pers.	-σθον
tempos secundarios do indicativo e todo o optativo	2º pers.	-τον	2º pers.	-σθον
	3ª pers.	-την	3ª pers.	-σθην
imperativo	2º pers.	-τον	2º pers.	-σθον
	3ª pers.	-των	3ª pers.	-σθων

2.5.5. Verbos impersoais

Pola súa relativa frecuencia convén coñecer certos verbos dos chamados tradicional, e erroneamente, impersoais:

verbo	significado	verbo	significado
δεῖ	“cómpre”	μέλει	“importa”
δοκεῖ	“parece ben”, “gusta”	προσέκει	“convén”
ἔστι	“é posible”	πρέπει	
ἔνεστι		χρή	“é necesario”

2.6. PALABRAS INVARIABLES

Como en castelán e galego, son o adverbio, a preposición, a conxunción e a interxección.

2.6.1. Adverbios

O máis cómodo é acudir ó dicionario, aínda que o feito de coñecer algúns axiliza o traballo de análise e traducción.

2.6.1.1. Construcción de adverbios de modo

A maior parte dos adverbios de modo derivan de adxectivos e participios, cambiando por -ῶς as desinencias do enunciado:

adxectivo	adverbio
σοφός, -ή, -όν ("sabio, -a")	σοφῶς ("sabiamente")
ἀλεθής, ἔς ("verdadeiro, -a")	ἀλεθῶς ("verdadeiramente")

2.6.1.2. Adverbios interrogativos

Os máis usuais son:

adverbio	significado	adverbio	significado
πῶς;	"como?"	πῇ;	"por onde?"
πού;	"onde?"	πότε;	"cando?"
ποῖ;	"a onde?"	πόσον;	"canto?"
πόθεν;	"de onde?"	ἤ; ἄρα;	non se traducen

2.6.1.3. Adverbios de afirmación e negación

Estes son os máis frecuentes:

afirmación		negación	
adverbio	significado	adverbio	significado
ναί	"si"	οὐ, οὐκ, οὐχ, οὐχί	"non"
δή	"certamente"	μή	

NOTA: A diferencia entre οὐ e μή reside en que a segunda se emprega, en xeral, nas oracións que expresan desexo, prohibición, suposición ou temor.

2.6.2. Preposición

O grego posúe 18 preposicións, que poden rexer os casos Acusativo, Xenitivo e Dativo (algunhas poden rexer máis dun caso). Aínda que todas elas aparecen no diccionario, recoméndase coñecer estas:

preposición	caso	significado	preposición	caso	significado
εἰς	AC	“a, cara a”	σύν	DAT	“con”
ἀπό	XEN	“de, desde”	μετά	AC	“despois de”
				XEN	“con”
ἐκ / ἐξ			ἐπί	AC	“a, cara a”
				XEN	“sobre”
				DAT	“preto de”
ἐν	DAT	“en”	περί	AC	“arredor de”
				XEN	“acerca de”
				DAT	“arredor de”

NOTA: As preposicións teñen un gran rendemento como prefixos uníndose ás raíces verbais. Ás veces o significado que resulta da unión non se pode deducir dos significados separados da preposición e o verbo.

2.6.3. Conxuncións

Estas son as máis frecuentes, reunidas por tipos:

tipo de relación	subtipo de relación	conxunción	(comentario sobre o seu uso)	significado
COORDINANTES	COPULATIVAS	καί	a copulativa máis usada	“e”
		τε	enclítico	
		μέν... δέ	é unha correlación que pode non traducirse	“por unha parte... por outra”
	DISXUNTIVAS	ἢ		“ou”
	ADVERSATIVAS	ἀλλά	algunhas teorías sintácticas non as consideran coordinantes	“pero”
		δέ		“por outra parte”
		γε		“polo menos”
		μήν		“con todo”
	ILATIVAS	γάρ	teñen un valor, máis que coordinante, de enlace entre uns fragmentos de texto e outros	“pois”
		οὖν		“por conseguinte”
SUBORDINANTES	SUSTANTIVAS	ὅτι	despois de verbos que signifiquen “dicir”, “saber”, etc.	“que”
		ὥς		
	CAUSAIS	ὅτι	despois de verbos que NON signifiquen “dicir”, “saber”, etc.	“porque”
		ὥς		
	FINAIS	ἵνα	con SUBXUNTIVO	“para que”
		ὅπως		
		ὥς	con PARTICIPIO	
	CONSECUTIVAS	ὥστε	con INDICATIVO ou INFINITIVO e ás veces οὕτω(ς) na cláusula principal	“de xeito que”
		ὅπως	con INDICATIVO	
	CONDICIONAIS	εἰ	con INDICATIVO ou OPTATIVO	“se”
		ἐάν	con SUBXUNTIVO	
	CONCESIVAS	καὶν		“aínda que”
		καίπερ	con PARTICIPIO	
	TEMPORAIS	ὅτε	con modos variados	“cando”
		ὅταν		“sempre que”
		ἐπεὶ		“despois de que”
		ἐν ᾧ		“mentres
ὥς		“cando”, “como”		
πρίν		con INDICATIVO ou INFINITIVO	“antes de que”	

NOTA: O cadro representa unha clasificación baseada na gramática tradicional, que debería revisarse: a atribución das adversativas ás coordinantes ou a consideración de simple subordinante para as causais e concesivas, por exemplo, é moi discutible.

3. SINTAXE

A sintaxe do grego pode abordarse de acordo cos conceptos que usualmente se adquiren ó estudar galego e castelán. Por iso, tendo en conta que esta pretende ser unha gramática o máis resumida posible, só faremos referencia ás particularidades que se deben ter presentes, por apartarse dos nosos usos comúns.

3.1. CONCORDANCIA

En xeral, funciona como nas nosas linguas. Con todo, hai un caso rechamante: o da concordancia entre un SUXEITO plural neutro e o seu verbo. Este, en lugar de estar en plural, aparece en singular, segundo este exemplo:

Τὰ ζῷα τρέχει (e non **τρέχουσι**): “Os animais corren”

3.2. USOS DOS CASOS

Pode seguirse esta táboa:

CASO	FUNCIÓN(S)
NOMINATIVO	SUXEITO / ATRIBUTO
VOCATIVO	chamada (non é unha función sintáctica)
ACUSATIVO	CD (sen preposición)
	CC (con ou sen preposición)
XENITIVO	CN (sen preposición)
	CC (con ou sen preposición)
DATIVO	CI (sen preposición)
	CC (con ou sen preposición)

3.3. VOZ VERBAL

A voz activa funciona igual que en galego o castelán, e a voz media pode asimilarse ás nosas construcións reflexivas, como xa indicamos.

A voz pasiva verbal implica unha construción oracional igual á que coñecemos nas nosas linguas:

SUXEITO PACIENTE – VERBO EN PASIVA – COMPLEMENTO AXENTE

A expresión do complemento axente téñ dúas modalidades:

construción	exemplo
preposición ὑπό + XENITIVO (se o complemento alude a unha persoa)	Φιλοῦμαι ὑπὸ τοῦ πατρός (“Son amado polo meu pai”)
DATIVO sen preposición (se o complemento non alude a unha persoa)	Κωλύονται τῷ νόμῳ (“Son prohibidos pola lei”)

3.4. CONSTRUCCIÓN COAS FORMAS NOMINAIS DO VERBO

O funcionamento de infinitivo e participio parécese ó dos nosos. O infinitivo pode ser SUX ou CD dun verbo, p. ex. (*amar é fermoso, quero comer*); pola súa parte, o participio, ó ser unha forma declinable, téñ concordancia -igual que ocorre en galego e castelán- e, por ser forma verbal, pode levar complementos (*entusiasmado polo éxito*). Pero en grego (como en latín) prodúcese unha serie de construcións que non teñen paralelo exacto nos nosos idiomas e adoitan causar dificultades de tradución.

3.4.1. Infinitivo

a) Construción con **verbos de opinión, afirmación, vontade e os chamados “impersoais”**: para traducila, é necesario introducir a conxunción “que” entre o verbo e a palabra ou palabras que estean en acusativo, ademais de traducir o infinitivo por un verbo en forma persoal.

Νομίζω θεούς εἶναι – “Creo que os deuses existen”

Ἐβούλετο Κύρον παρῆναι – “El quería que Ciro chegase”

Ἄδικόν ἐστι με ζημιουῖσθαι – “É inxusto que eu sexa castigado”

b) **Infinitivo absoluto**: doadamente recoñecible cando vai precedido por ὥς, constituíndo unha expresión feita:

ὥς εἰπεῖν – “por así dicir”

ὥς ἐμοί δοκεῖν – “segundo o meu parecer”

3.4.2. Participio

a) Forma de traducir cada un deles:

participio	voz	forma de traducir		exemplo
PRESENTE	act	gerundio / or. de rel. (verbo en pres.)	λύων	“desatando” / “que desata”
	med-pas	or. de rel. (verbo en pres. pas. ou refl.)	λυόμενος	“que se desata” / “que é desatado”
FUTURO	act	or. de rel. (verbo en fut.)	λύσων	“que desatará”
	med	or. de rel. (verbo en fut. refl.)	λυσόμενος	“que se desatará”
	pas	or. de rel. (verbo en fut. pas.)	λυθησόμενος	“que será desatado”
AORISTO	act	or. de rel. (verbo en pret. perf. simple)	λύσας	“que desatou”
	med	or. de rel. (verbo en pret. perf. simple refl.)	λυσάμενος	“que se desatou”
	pas	or. de rel. (verbo en pret. perf. pas.)	λυθείς	“que foi desatado”
PERFECTO	act	or. de rel. (verbo en pret. perf)	λελυκώς	“que téñ desatado”
	med-pas	or. de rel. (verbo en pret. perf. pas. ou refl.)	λελυμένος	“que se desatou” / “que ten sido desatado”

b) **Xenitivo absoluto**: dase cando o participio vai concordando con outra palabra ou palabras en XEN, e o conxunto vai separado do resto da oración por comas. Para traducilo literalmente, empezaremos polo participio; unha forma máis libre e fluída consiste en traducilo por unha oración subordinada. É unha construción paralela á do Ablativo absoluto latino:

Κῦρος ἀνέβη, οὐδενός κωλύοντος

“Ciro chegou, non impedíndollo ninguén”, ou, mellor

“Ciro chegou sen que ninguén llo impedisese”

1. ALFABETO E NOCIÓNS FONÉTICAS.....	2
1.1. ALFABETO	2
1.1.1. <i>Combinacións e a súa pronuncia</i>	2
1.1.2. <i>Signos</i>	2
1.1.3. <i>Contraccións</i>	3
1.1.4. <i>Desaparición de consonantes e consecuencias</i>	3
1.1.4.1. <i>Alongamento compensatorio</i>	3
1.1.4.2. <i>Consonantes que desaparecen e os seus contextos</i>	3
1.1.4.3. <i>Consonantes dobres</i>	3
2. MORFOLOGÍA	3
2.1. FLEXIÓN NOMINAL (SUSTANTIVOS E ADXECTIVOS) E DO ARTIGO	3
2.1.1. <i>Primeira declinación:</i>	4
2.1.2. <i>Segunda declinación:</i>	5
2.1.3. <i>Terceira declinación:</i>	5
2.1.3.1. <i>Sustantivos irregulares:</i>	7
2.1.4. <i>Adxectivos:</i>	7
2.1.4.1. <i>Graos do adxectivo:</i>	7
2.2. O DUAL NA DECLINACIÓN	8
2.3. OS NUMERAIS	9
2.4. FLEXIÓN PRONOMINAL	9
2.4.1. <i>Pronomes persoais</i>	9
2.4.2. <i>Identificativo, posesivo, recíproco</i>	9
2.4.3. <i>Persoais reflexivos</i>	10
2.4.4. <i>Demostrativos</i>	10
2.4.5. <i>Relativo</i>	11
2.4.6. <i>Interrogativos e indefinidos</i>	11
2.4.6.1. <i>Interrogativos</i>	11
2.4.6.2. <i>Indefinidos</i>	12
2.5. FLEXIÓN VERBAL	12
2.5.1. <i>Tipos de verbo</i>	13
2.5.2. <i>Morfemas</i>	13
2.5.2.1. <i>Aprendizaxe das terminacións verbais</i>	14
2.5.2.2. <i>Peculiaridades do aumento</i>	17
2.5.2.3. <i>Peculiaridades da reduplicación</i>	17
2.5.2.4. <i>Verbos contractos</i>	18
2.5.2.5. <i>Verbos consonánticos</i>	19
2.5.2.6. <i>Tempos segundos</i>	19
2.5.2.7. <i>Verbos depoñentes</i>	20
2.5.2.8. <i>Verbos en -μ</i>	20
2.5.2.8.1. <i>O verbo αἰμῖ</i>	21
2.5.2.9. <i>Verbos irregulares</i>	21
2.5.3. <i>Formas nominais do verbo</i>	22
2.5.4. <i>O dual na conxugación</i>	23
2.5.5. <i>Verbos impersoais</i>	23
2.6. PALABRAS INVARIABLES	23
2.6.1. <i>Adverbios</i>	23
2.6.1.1. <i>Construcción de adverbios de modo</i>	24
2.6.1.2. <i>Adverbios interrogativos</i>	24
2.6.1.3. <i>Adverbios de afirmación e negación</i>	24
2.6.2. <i>Preposición</i>	24
2.6.3. <i>Conxuncións</i>	25
3. SINTAXE	26
3.1. <i>CONCORDANCIA</i>	26
3.2. <i>USOS DOS CASOS</i>	26
3.3. <i>VOZ VERBAL</i>	26
3.4. <i>CONSTRUCCIÓN COAS FORMAS NOMINAIS DO VERBO</i>	27
3.4.1. <i>Infinitivo</i>	27
3.4.2. <i>Participio</i>	27